



UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

Móstralles aos seus alumnos a imaxe da portadiña e pregúntelles que cren que simboliza. As posibles respostas estarán relacionadas co coidado e a preservación das praias: prohíbeselles o paso ás persoas porque o mar está contaminado e pode ser nocivo ou, ao revés, porque é a única forma de evitar que siga a contaminación e se perdan os espazos naturais. A partir destas respostas, pode fomentar unha conversa sobre temas como a contaminación do mar e das praias ou a contaminación en xeral.

A continuación, pregúntelles con que palabras relacionan a contaminación. Se o considera conveniente, remítaos á unidade 1, na que tamén se traballou este tema. Tome nota dos termos que suxiran e mencione o concepto de medio se os seus alumnos aínda non o fixeron.

Por último, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: crear unha campaña de concienciación social.

Antes de que sexa tarde



comprender

1. INNOVACIÓN E CRECIMENTO SUSTENTABLE

Comentar os problemas que poñen en perigo o medio. Ler un texto informativo sobre o crecemento sustentable e sintetizar o seu contido.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A información disposta no texto que se proporciona foi extraída no ano 2008 da páxina web <http://www.conselleriaiei.org/ga/web/> na que aparecen, cada certo tempo, outras novidades relacionadas co crecemento sustentable. Pode aproveitar este feito para presentarlles aos seus alumnos novos materiais relacionados co tema desta actividade.

Crecemento sustentable é a compatibilidade ou o equilibrio entre o desenvolvemento da economía e a calidade ambiental, é dicir, a posibilidade de que o subsistema económico medre sen degradar o medio.

ANTES DE COMEZAR

Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e pregúntelles que entenden por el. Anímeos a separaren os dous conceptos, por unha banda “innovación” e, por outra, “crecemento sustentable”, e pregúntelles como os definen e se cren que os dous poden estar relacionados. Se non son quen de explicar en que consiste o crecemento sustentable, fágao vostede e asegúrese de que todos o entenderon.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, preséntelles a actividade proposta na epígrafe A e pregúntelles cales son os problemas ambientais que consideran máis graves ou importantes. Ensínelles a mostra de lingua e anímeos a faceren frases parecidas. Poden comentalo inicialmente en parellas e, logo, pódelles propoñer unha posta en común na que todos dean a súa opinión ao respecto. É moi probable que os temas abordados sexan similares a: a emisión de gases contaminantes, a polución sonora e visual, a presenza de empresas ou de fábricas nos complexos residenciais...

B. Dígalles aos seus alumnos que van ler un texto informativo, pero antes deben ler a entrada que se ofrece e determinar cal é o seu ámbito de actuación. Pídalles que a lean individualmente e logo a comenten cun compañeiro. Cando remataren, faga unha corrección entre todos.

Solución

Contaminación acústica

C. Pídalles que, primeiramente, fagan unha lectura individual do texto completo. A continuación, pídalles que formen parellas nas que cada un deberá resumir o contido dun dos parágrafos. Se lle parece conveniente, pode guiar máis a actividade, repartindo os parágrafos entre os seus alumnos, para asegurarse de que todos os parágrafos sexan traballados. Déixelles uns minutos e, cando remataren, pídalles que un representante de cada parella lles presente a síntese do fragmento que leu aos demais colegas.

D. Dígalles que as frases dos recadros de cor cinza son afirmacións polémicas sobre distintos aspectos relacionados co texto da epígrafe anterior. Seguindo coas mesmas parellas, pídalles que escollan unha desas frases para discutir e argumentar a súa opinión sobre a afirmación que recolle. Agora permítalles faceren a escolla da frase, pero comprobe que todas estean ben distribuídas en grupo. Cando remataren, pode propoñerlles que fagan un círculo e, logo de presentaren a síntese de cada frase, promova un debate no que todos participen argumentando e defendendo a súa opinión.

2. ANTES DO MÓBIL

Ler un artigo sobre os cambios que a telefonía móbil provocou na vida das persoas. Pensar noutros aspectos que mudaron coa chegada dos móbiles. Falar de inventos.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se todos teñen teléfono móbil e se cren que é posible vivir sen un na actualidade. Escolte as súas respostas e fomenta un breve debate sobre esa cuestión, para que se comenten algúns dos aspectos, tanto positivos como negativos, de ter teléfono móbil.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles o artigo que trata da telefonía móbil. Anímeos a léreno individualmente e logo a comentaren cun compañeiro se están ou non de acordo coas afirmacións que se fan e se se identifican con algún dos aspectos. Pídalles que xustifiquen as súas respostas.

B. A continuación, indíquelles que, co mesmo compañeiro co que traballaron na epígrafe anterior, fagan unha listaxe que inclúa outros aspectos que cambiaron na vida das persoas a partir da aparición do teléfono móbil. Pode motivalos dicíndolles que dispoñen de tres minutos para intentar facer a listaxe máis longa. Se ve que aos seus alumnos lles custa dar cos exemplos de recursos tecnolóxicos máis recentes ou actualizados no sector da telefonía móbil, proporciónelles algún, como **avisar unha grúa no caso de avarías no coche, chamar a policía ou a ambulancia se hai un accidente, facer e enviar fotos de feitos inéditos ou inesperados** etc.

Unha vez transcorrido o tempo estipulado, pídalles que fagan un relato dos aspectos que seleccionaron. Á parella que teña máis leralles a súa lista aos demais compañeiros, que deberán estar atentos para comprobar se notan algunha omisión, para achegarlle logo ao grupo.

C. Finalmente, pídalles que, en grupos, pensen noutro invento ou avance tecnolóxico que cambiase a vida das persoas. Cando remataren, forme novos grupos para que poidan expoñer os diferentes inventos, relacionados cos seus respectivos cambios. Anímeos a preguntaren o significado do vocabulario que descoñezan ou a consultáreno nun dicionario, se dispoñen dalgún na clase.



3. INVENTORES DE PALABRAS

Identificar algunhas palabras compostas e reflexionar sobre a súa formación. Formar palabras compostas a partir dunha lista de verbos que se ofrece. Inventar obxectos e palabras que os denominen.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para realizar esta actividade, sería conveniente que vostede levase algúns dicionarios á clase, para que os estudantes os puidesen consultar.

ANTES DE COMEZAR

Asegúrese de que todos os seus alumnos teñan o libro pechado. Dígalles que moitas palabras se forman xuntando outros termos que xa existen na lingua e explíquelles que este proceso de formación de palabras se chama **composición**. Escriba no encerado a palabra **sacarrollas** e, coa axuda dos seus alumnos, separe as dúas palabras que a compoñen, explicándolles que, unha vez separadas, cada palabra ten o seu sentido propio, independente do significado da palabra composta: por un lado, o verbo **sacar** e, por outro, o substantivo **rollas**

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, pídalles que abran o libro na páxina 84 e preséntelles a actividade. Recapitule con eles o nome deste tipo de palabras e indíquelles que xa viran este proceso de formación na unidade 5, aínda que brevemente. Indíquelles que poden facer unha separación das palabras que compoñen cada un dos exemplos da actividade (paraugas e montacargas) e identificar a clase gramatical de cada unha delas. Despois, indíquelles que deben propoñer os exemplos que se lles ocorran. Teña en conta que, sempre que correspondan a este tipo de compostos (verbo +

substantivo) e que sexan termos admitidos no galego, todas as súas suxestións son válidas.

B. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, utilicen os verbos do recadro da dereita para formar cantas palabras poidan, para o que lles pode conceder uns cinco minutos, por exemplo. Logo, dígalles que comparen as súas palabras coas dun compañeiro e que verifiquen as que coinciden e as que teñen diferentes. Faga que circule un ou varios dicionarios na clase mentres realizan a tarefa e anímeos a comprobaren que as palabras que forman son correctas. Déalles uns minutos para que realicen o traballo en parellas e faga despois unha posta en común, escribindo no encerado todas as palabras que formaron.

Solución (suxestión)

Montar: montacargas.

Parar: parabrisas, paracaídas, parachoques, paralama, paraneves, pararraios...

Abrir: abrebocas, abrecartas, abrelatas...

Limpar: limpabotas, limpachemineas, limpauñas...

Tirar: tiracroios, tirafondo, tiraleite, tiraliñas, tirapé, tirarrollas, tiratacos...

Gardar: gardaagullas, gardabarreira, gardaboís, gardabrazo, gardacabos, gardacantos, gardacostas, gardafreos, gardalama, gardamán, gardamantel, gardameta, gardamontes, gardapó, gardarríos, gardarroupa...

C. Preséntelles a actividade desta epígrafe e faga fincapé no tipo de palabras que forman as composicións de **coche cama** e de **ferrocarril**. Fágalles ver que se trata de substantivos e que, incluso no caso da primeira, que se escribe separadamente e sen guión, as dúas palabras xuntas adquieren un sentido único que se perde cando se presentan por separado. Logo, anímeos a inventaren obxectos peculiares e innovadores e a que lles dean un nome composto formado por dous substantivos.

Centre a atención dos estudantes na mostra de lingua que se ofrece e pregúntelles para que cren que serve un “garfo-abano”. Unha das posibles respostas pode ser *un garfo que serve para airear a unha persoa durante a comida*, pero teña en conta que o importante aquí non é dar cunha resposta exacta, senón que entendan a mecánica e o sentido da actividade. Indíquelles que tamén deben explicarlles aos seus compañeiros a utilidade dos seus inventos. Se lle parece conveniente, limite a actividade por tempo ou por número de inventos, para que non haxa moitos desaxustes entre as producións dos grupos. Cando remataren, propoña unha posta en común na que todos lle presenten os seus inventos ao resto da clase. Ao final, poden elixir os máis interesantes ou cribles. Se lle parece conveniente, remítaos á epígrafe “Palabras formadas por composición” da sección CONSULTAR, na páxina 86.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 123, exercicio 7.

Antes de que sexa tarde

4. UN INCENDIO

Ler unha nova sobre un incendio. Observar e reflexionar acerca dos mecanismos de formación do plural de estranxeirismos, palabras compostas e siglas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se saben que en Galicia cada verán os incendios representan un grave problema. Interésese polo que saben sobre o tema e pregúntelles se viviron de cerca algunha experiencia parecida. Se traballa con estudantes que non son galegos, pregúntelles se no seu lugar de orixe ocorre algo similar. Pode preguntarlles tamén cales cren que son as principais causas dos incendios (a acción dos pirómanos, a queima de restoballos, os descoidos ao facer fogueiras etc.) e cales son os seus efectos ou consecuencias (o perigo de desertización, a desaparición da fauna e da flora, os riscos para as persoas e vivendas etc.). A continuación, pregúntelles se saben que medidas se poden tomar para combater este desastre e espere respostas como limpeza dos bosques, existencia de devasas, prohibición das queimas, campañas de concienciación etc.

PROCEDEMENTOS

A. Anúncielles que, individualmente, van ler unha nova sobre un incendio. Se lle parece oportuno, tras a lectura pode proporcionarlles fotocopias do cadro da **ficha 18**, para que decidan se as afirmacións sobre o acontecemento son verdadeiras ou falsas. Logo, durante a corrección da actividade, pídalles que xustifiquen as súas respostas.

Solución

1. F,
2. F,
3. V,
4. V,
5. F

B. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nas palabras subliñadas e pregúntelles de que tipo de palabras se trata, guiándoos de xeito que cheguen a clasificacións como: palabras compostas, siglas e estranxeirismos. Dígalles que todas elas están na forma de plural e pídalles que, individualmente, as pasen a singular. Logo duns dous ou tres minutos, pídalles que, en parellas, comparen as súas respostas e intenten establecer os mecanismos que se empregaron para facer o plural desas palabras. Se lle parece oportuno, remítaos ás epígrafes “O plural das palabras compostas” e “Outros casos especiais na flexión de número, da sección CONSULTAR, nas páxinas 86 e 87. Concédalles uns minutos e faga unha posta en común.

Solución

gardas civís (composición de substantivo e adxectivo): faise o plural dos dous termos.

land rover (marca): mesma forma para singular e plural.

pisos piloto (composición de dous substantivos): só se fai o plural do primeiro elemento.

oenegué (sigla sistematizada como palabra común): engádeselle un s.

clubs (estranxeirismo): engádeselle un s.

pombas torcaces (composición de substantivo e adxectivo): faise o plural de ambos os termos.

A continuación, pídalles aos estudantes que se fixen nas palabras do cadro e que formen, individualmente, o seu plural. Explíquelles que hai dous casos especiais que non figuran entre os que acaban de ver na actividade anterior nin tampouco na epígrafe de gramática. Cando os detectaren, poderán facer hipóteses sobre como forman o plural. Déalles uns minutos e, logo, dígalles que cada un debe de contrastar a súa resposta coa dun compañeiro. En canto rematen, faga unha corrección entre todos na que corrobore, coa axuda deles, o tipo de cada unha das palabras e se asegure de que todos fixeron ben as súas formas de plural. Para rematar, anídeos a mencionaren outros exemplos que coñezan destes tipos de palabras.

Solución

croissant (estranxeirismo): *croissants*

sofá cama (composición de dous substantivos): *sofás cama*

non-fumador (prefixación): *non-fumadores*

foi-gras (estranxeirismo non sistematizado): *foi-gras*

peme (sigla sistematizada): *pemes*

ovni (sigla sistematizada): *ovnis*

récord (estranxeirismo sistematizado): *récords*

mobile bar (composición de dous substantivos): *mobiles bar*

dvd (sigla): *os dvd ou dvds*

porco teixo (composición de substantivo e adxectivo): *porcos teixos*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 123, exercicio 8.

C. Agora, pídalles aos seus alumnos que busquen no texto tres palabras que forman de maneira especial o feminino. Pode recordarlles os casos de xénero e de formacións regulares do feminino, a partir de palabras do propio texto, como mozos - mozas, rapaz - rapaza, arriscado - arriscada etc. Anídeos a que as localicen e que logo as comparen coas dun compañeiro, para comprobaren se atoparon as mesmas. Déixelles uns minutos e faga despois unha posta en común na que se aclaren os resultados.

Para rematar, anídeos a exemplificaren outros casos especiais de flexión de xénero e apunte no encerado as súas respostas correctas. Se ao final non mencionan todos os casos indicados na epígrafe “Xénero: casos especiais” na sección CONSULTAR, na páxina 87, indíquellos vostede ou remítaos a esa epígrafe.

Solución

poetisa (poeta)
 alcaldesa (alcalde)
 heroína (heroe)

5. UN INFORME

Ler un fragmento dun artigo. Reflexionar sobre o uso de certas expresións para substituír ou facer referencia a algo xa mencionado.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se saben a que se refiren as palabras **rexión andina**. Espere que falen dos países nos que se encontra a Cordilleira dos Andes e, a continuación, pregúntelles se saben que significa **indíxena**. Pode esperar respostas como **as persoas orixinarias dun lugar, é dicir, que xa habitaban alí antes das colonizacións**. Pregúntelles que saben sobre os pobos indíxenas dos Andes e, se non mencionan a **civilización inca**, fágao vostede. Escribano no encerado e coméntelles que foi a cultura máis importante que se desenvolveu na rexión andina antes da colonización española.

Anúncielles aos estudantes que van ler o fragmento dun informe sobre o problema da auga na rexión andina. Aproveite para preguntarlles se lembran cales son as características dese tipo de textos. Se non o dan feito, recórdelles vostede algunhas delas. Centre a súa atención na palabra informe, que indica que se trata dun texto informativo e recórdelles que nel se describen ou se detallan os pasos ou procesos dun determinado asunto ou dunha acción levada a cabo, ou as circunstancias dun acontecemento ou dun incidente importante (por exemplo, a saúde mundial, o uso de Internet, un accidente...). Indíquelles tamén que o informe escrito adoita ter un carácter formal e, algunhas veces, técnico.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ao texto e pídalles que o lean individualmente. Cando remataren, dígalles que, en parellas, comenten o seu contido e discutan sobre outros lugares nos que haxa limitacións de calquera recurso natural. Pregúntelles tamén se no lugar onde viven hai, ou houbo nalgún momento, algún conflito ou restricións similares e por que motivos.

Se observa que non son capaces de desenvolver moito o tema, pode ampliálo, dicíndolles que poden falar sobre lugares nos que a xente pasa carencia ou necesidades de recursos ou dereitos básicos como a alimentación, a atención sanitaria, a escolarización etc. Déixeos falar uns minutos e, logo, faga unha posta en común.

B. Pídalles agora que volvan ao texto e que se fixen nas palabras subliñadas para responderen estas preguntas:

1. A que palabras se refiren, é dicir, a que outra palabra do texto equivalen en cada caso?
2. Para que credes que se empregan?
3. Sabedes como se denominan as diferentes palabras que teñen o mesmo significado?

Solución

1. Este recurso (a auga); nativos (os indíxenas); os estados (os gobernos estatais).
2. Empréganse para evitar a repetición da mesma palabra.
3. Sinónimos.

C. A continuación, pídalles que observen as expresións grafadas en grosa. Indíquelles que están relacionadas cos substantivos que as seguen e que serven para indicar que este xa se mencionara anteriormente. Pregúntelles se coñecen algún outro recurso que sirva para facer o mesmo (o citado/a citada/os citados/as citadas).

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pódelles propoñer aos seus alumnos que escriban, na casa, un pequeno texto para poñer en práctica os recursos que acaban de ver. Déalles estas dúas alternativas: poden continuar o informe do que leron o fragmento (centrándose, por exemplo, no tema da auga ou no perigo da desaparición das comunidades indíxenas), ou ben escribir un texto novo sobre os incas para colgar na clase e dar a coñecer algúns detalles da dita civilización.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 122, exercicios 1 e 2.
 Páxina 123, exercicio 6.

6. A ESCASEZA DA PRODUCCIÓN

Transformar substantivos en frases. Reflexionar sobre o emprego de certos sufixos que permiten formar substantivos a partir de certos verbos e adxectivos.

ANTES DE COMEZAR

Informe os seus alumnos de que van continuar traballando con recursos que se utilizan en textos formais. Un deles é o emprego de substantivos que resumen frases, como o do título da actividade, facendo que os textos sexan máis precisos e sintéticos.

PROCEDEMENTOS

A. En primeiro lugar, pídalles aos estudantes que, en parellas, lean as frases e que suxiran un posible contexto para cada unha. Por exemplo, a primeira podería aparecer nunha noticia sobre algún desastre natural, que pode provocar a escaseza de alimentos nunha zona concreta, coa conseguinte suba dos prezos. Vaia escoitando o que comenten as parellas

Antes de que sexa tarde

para comprobar que entenden as frases. Se lle parece pertinente, faga unha posta en común.

A continuación, pídalles que decidan cales poden ser as frases que resumen os substantivos que aparecen en grosa en cada oración. Lea con eles o exemplo e indíquelles que deben modificar ou engadir o que for necesario para reescribiren as frases, pero sen usar o substantivo destacado en cada caso. Antes de corrixir, deixe que o comparen en parellas e que terminen de completar a actividade.

Solución (suxestións)

2. *A poboación crece; iso fai máis difícil recuperar as zonas naturais e reproducir a flora.*
3. *O feito de que o proxecto sexa viable dependerá de que a lei sexa aprobada.*
4. *Elaborar normas reguladoras impedirá que se emitan gases contaminantes.*
5. *As ONG dan unha resposta máis rápida a algúns problemas, grazas a que son flexibles.*
6. *Unha resposta rápida ante o lume é esencial para evitar que se queimen grandes extensións.*
7. *Estes estudos, que se realizarán cos fondos europeos, axudarán a que a rexión se desenvolva.*
8. *O goberno xa demostrou que é incapaz de enfrontar estes novos fenómenos.*
9. *Investir nas áreas afectadas polas inundacións evitará que as persoas carezan doutros recursos.*
10. *Reciclar residuos orgánicos axuda enormemente a que o medio se conserve.*

B. Agora pregúntelles aos seus alumnos a partir de que palabras se forman os substantivos **suba** e **escaseza** (**subir** e **escaso/a**) e que tipo de palabras son (**verbo** e **adxectivo**, respectivamente). A continuación, dígalles que van seguir traballando en parellas para completaren a táboa proporcionada. Nela reflectirán a formación dalgúns substantivos de proceso/acción a partir dun verbo, e a dalgúns substantivos de calidade/propiedade, a partir de adxectivos. Concédalles tempo suficiente para facelo e logo propoña unha posta en común.

Solución

Verbo	Substantivo
actuar	a actuación
realizar	a realización
perder	a perda
decidir	a decisión
restrinxir	a restrición
descubrir	o descubrimento
probar	a proba
comprar	a compra
suprimir	a supresión
aumentar	o aumento
diminuír	a diminución
contaminar	a contaminación
reciclar	a reciclaxe
protexer	a protección
cambiar	o cambio

Adxectivo	Substantivo
belo/a	a beleza
igual	a igualdade
tranquilo/a	a tranquilidade
sociable	a sociabilidade
tímido/a	a timidez
escaso/a	a escaseza
sincero/a	a sinceridade
escuro/a	a escuridade
capaz	a capacidade
fino/a	a finura
longo/a	a longura/o longo
alto/a	a altura
certo/a	a certeza

C. Agora podería entregarlles unha fotocopia da táboa que aparece na **ficha 19**, para que clasifiquen os substantivos anteriores segundo a súa terminación.

Unha vez realizada a actividade, pídalles aos seus alumnos que centren a súa atención no xénero dos substantivos e pregúntelles se poden extraer regras baseándose nos sufixos que se empregan. Anímeos a comentáreno en parellas. É de esperar que detecten pautas regulares como as seguintes:

-ción, -es/-eza, -ura, -axe e -idade: substantivos de xénero feminino.

-mento: substantivos de xénero masculino.

Indíquelles aos estudantes que os substantivos **perda**, **proba**, **aumento** e **cambio** se fan por derivación regresiva, que consiste na formación dunha palabra nova a partir da redución da palabra orixinaria, cos sufixos **-a** (*probar* ⇒ *proba*), **-e** (*rematar* ⇒ *remate*), **-eo** (*ornear* ⇒ *orneo*) e **-o** (*cambiar* ⇒ *cambio*).

D. Pídalles aos seus alumnos que lean, individualmente, as palabras do cadro e pregúntelles que teñen en común. É bastante probable que a maioría deles non teña ningunha dificultade para identificar os prefixos e responder que se trata de palabras formadas por prefixación, pero, de non ser así, acláreo vostede. Pode escribir no encerado, por exemplo, a palabra **contento** e pedirilles que a definan. En canto o fagan, escriba diante da palabra o prefixo **des-**, de xeito que vexan a palabra **descontento**, e pregúntelles se a poden definir. Cando se dean de conta de que é o oposto da palabra orixinal, corrobóreo, indicándolles que este prefixo pode achegarlle a unha palabra, entre outros, un matiz de significado de inversión, carencia ou negación.

A continuación, pídalles que, en parellas, discutan os matices de significado que os prefixos (marcados en grosa) lles achegan ás palabras orixinais en cada caso.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 122, exercicio 3.



7. RECICLA

Escribir un texto nun rexistro culto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para a realización desta actividade, conviría que os estudantes dispuxesen de dicionarios monolingües e de sinónimos na aula.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se adoitan reciclar o lixo e como o fan. O obxectivo é contextualizar o tema que van tratar no texto dende unha perspectiva cotiá. Se algún deles ten coñecementos máis específicos sobre o asunto, anímoos a comentalos.

PROCEDEMENTOS

A continuación, móstrelles os datos que aparecen na actividade e propónalles que os comenten entre todos. Cando xa estean familiarizados coa cuestión e cos datos dos que dispoñen, indíquelles que teñen que escribir, en parellas, un artigo nun rexistro culto no que formulen o problema e ofrezan solucións. Déixelles uns minutos para realizaren un remuíño de ideas e un esquema previo á redacción. Cando tiveren o esquema, dígalles que poden redactalo e anímoos a practicaren todos os recursos vistos nesta unidade.

Solución (suxestión)

Un dos problemas que máis lles preocupan aos expertos en temas do medio é o tratamento dos residuos. O dito problema non só debería concernirles a gobernos e dirixentes, senón que debería atinxir o conxunto da sociedade. Tomando como exemplo o caso de Galicia, a poboación debería ser consciente de que, con máis de dous millóns de habitantes, se xera unha cantidade de case un millón de toneladas anuais de refugallo, dos cales o 70% non é tratado. Isto repercute negativamente no medio, xa que se produce unha emisión de gas metano á atmosfera que contribúe, en gran medida, ao efecto invernadoiro.

Existen algunhas solucións que se poderían levar a cabo e que están ao alcance de todos. En primeiro lugar, conviría saber que o 50% deses residuos provén de materia orgánica, a cal podería ser reutilizada para a recuperación de solos. En segundo lugar, contamos con outro tipo de residuos non orgánicos (papel, plástico e outros) que tamén poden danar seriamente o medio. A modo de exemplo, a corta indiscriminada de árbores para a produción de papel reduciríase se reciclásemos o dito material, posto que unha tonelada de papel reciclado equivale a 15 árbores cortadas.

En definitiva, a divulgación deste tipo de información crearía unha concienciación da importancia e da

utilidade da reciclaxe. Non obstante, coñecer o problema non implica ter a solución, é necesario actuar. Tamén é certo que reciclar sen coidado non é efectivo, polo tanto hai que facelo de forma responsable en todos os ámbitos da vida, xa sexa no traballo, no fogar, nas cidades, na natureza etc. Daquela, a dita responsabilidade supón considerar o problema dos residuos e, así, xerar o mínimo posible. E todo o que non for reutilizable, reciclalo apropiadamente nos contedores correspondentes.

8. NON ESTOU DE ACORDO

Debater sobre cuestións polémicas relacionadas co medio.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade pódese desenvolver en dúas fases. Na primeira, cada parella ou grupo de tres discute unha das frases e decide un argumento final. Na segunda fase, entre todos, cada grupo ou parella vai presentar as súas conclusións e os demais van opinar ao respecto.

Se conta con espazo suficiente e o número de alumnos o permite, dispoña os seus estudantes nun gran círculo para a realización da segunda parte desta actividade.

Faga unha fotocopia da táboa que lle facilitamos na **ficha 20** e recorte as frases para entregarllas separadamente a cada grupo.

PROCEDEMENTOS

Dependendo do número de alumnos que teña, divídaos en parellas ou grupos de tres. Déalle a cada grupo unha das frases e dígalles que teñen que discutir e opinar sobre a afirmación que se fai. Cada un debe defender a súa opinión, utilizando os argumentos que poidan. Cando vexa que remataron, invíteos a colocárense na aula de xeito que formen un gran círculo. Explíquelles que un dos membros de cada grupo vai ser o voceiro e deberá transmitirles aos demais compañeiros as conclusións a que chegaron a partir da discusión.

Indíquelles que, cando remate cada voceiro, os demais compañeiros poderán dar a súa opinión, dicindo se están de acordo ou en contra das súas conclusións. Se o considera conveniente, pode limitar o tempo para cada tema ou grupo, para que haxa máis control do desenvolvemento e do peche da actividade. Dea por rematado cando estean comentados todos os temas.

9. PERIGOS E AMEAZAS

Facer unha lista de perigos para o medio. Ler as listas dos compañeiros e propoñer solucións.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos seus alumnos os catro ámbitos propostos (os mares, as selvas tropicais, os ríos e o clima) e dígalles que, en parellas, elaboren unha listaxe

Antes de que sexa tarde

cos perigos que os ameazan. Pode propoñerlles algún exemplo, como a vertedura de residuos en ríos e mares.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se consideran que hai algún outro ámbito no que se pode poñer en perigo o coidado do medio. Pídalles que o comenten e que o engadan aos que xa teñen na folla.

C. Unha vez confeccionadas as listaxes, pídalles ás parellas que as intercambien. Indíquelles que deben ler a que recibiron e propoñer ideas e solucións para os problemas que aparecen nela, escribindoas no mesmo papel. Finalmente, deben devolverlles as listas cos problemas e as solucións propostas ás parellas orixinais que, pola súa vez, deberán discutir se están ou non de acordo coas ditas solucións. Se dispón do tempo necesario, pode levar a cabo unha posta en común.

10. O XOGO DO ABECEDARIO

Xogo para aprender e/ou practicar vocabulario relacionado con distintos espazos naturais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode formular a actividade entre todos, de xeito que participe cada alumno individualmente, ou ben propoñerlles que a fagan en grupos de catro.

PROCEDEMENTOS

O xogo consiste en que vostede diga unha letra e os seus alumnos escriban o nome de calquera cousa que se pode atopar en cada un dos espazos propostos (o mar, as montañas, os ríos, as selvas e os montes). Cada estudante debe escribir todas as palabras que saiba. O primeiro en rematar debe comunicarlle aos demais para que deixen de escribir. Logo, lerá as súas palabras en voz alta e os compañeiros van valorar se son válidas ou non e xustificalo. A duración do xogo pode ser curta ou longa, en función do tempo do que dispoña para realizar esta actividade, o que vai determinar se vostede pode dicir máis ou menos letras.

11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

Escoitar un anuncio dunha campaña publicitaria de concienciación e facer hipóteses sobre os seus obxectivos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se dispón de acceso a Internet na aula, pode realizar unha selección previa de vídeos de anuncios (resultarlle moi doado atopar exemplos en sitios como Youtube), para que os seus alumnos os vexan e comenten aspectos como o tipo de espectador ao

que van dirixidos, que estratexias se empregan e que obxectivo teñen (mostrar a utilidade dun produto, comparalo con outros, impresionar o espectador...). Intente que aparezan exemplos de campaña de concienciación e de campaña de intriga. Se non pode acceder á rede na clase, tente levalos gravados ou utilizar diferentes tipos de anuncios recortados de revistas, xornais, carteis...

ANTES DE COMEZAR

Se non levou á clase ningún anuncio que pertenza á campaña de intriga e non se comentaron as súas características, escriba **campaña de intriga** no encerado e pregúntelles aos seus alumnos a que cren que se refire. Escoite as súas respostas e, se for necesario, aclare que é un tipo de campaña que se caracteriza por lanzar un ou varios anuncios de forma progresiva nos que non queda claro que se está anunciando, co obxectivo de intrigar, de espertar a curiosidade, ata que, por fin, se ofrece un anuncio que aclara de que se trata.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus estudantes que, en ocasións, as campañas de concienciación social se formulan como campañas de intriga e indíquelles que van escoitar un anuncio dese tipo. Amais de escoitalo, deben tomar notas sobre o tema que se trata. Poña o anuncio unha vez, deixe que comparen entre eles as notas que tomaron e volva poñelo unha vez máis. Cando remataren, pídalles que discutan cun compañeiro cal cren que é o obxectivo da campaña. Realice unha posta en común na clase antes de pasar á seguinte parte desta actividade.

B. A continuación, dígalles que van escoitar o segundo anuncio, que aclara cal é o obxectivo da campaña. Teñen que escoitalo para comprobaren se as súas hipóteses eran acertadas ou non e ver que parella se acercou máis ao tema. Negocie cos seus alumnos se necesitan escoitar este anuncio unha segunda vez.

Solución

Trátase dunha campaña para fomentar a reciclaxe.

12. QUE PASARÍA SE...?

Crear cadeas de causas e consecuencias.

ANTES DE COMEZAR

Se lle parece conveniente, realice xunto cos seus alumnos un primeiro achegamento a esta actividade, preguntándolles que pasaría se subise radicalmente a temperatura do planeta. Recolla as diferentes respostas no encerado, a medida que as vaian dicindo. A continuación, ánimeos a ordenalas seguindo un criterio de causa-consecuencia, por exemplo: subirá o nivel do mar (2), producirase o desxeo dos polos (1), desaparecerán illas enteiras (3).

PROCEDEMENTOS

Dígalles agora aos seus estudantes que van traballar en parellas para realizar a cadea de causas e consecuencias máis longa posible, a partir dos feitos propostos. Remítaos á mostra de lingua que se ofrece na actividade, para que vexan como poden encadear as súas frases.

Cando remataren, pode suxerirlles que fagan a cadea máis longa entre toda a clase: comeza unha parella, séguela a do lado achegando unha consecuencia nova, e así sucesivamente. Pero, atención, se algunha parella ten unha consecuencia que é anterior a outra que xa se dixo, debe interromper a cadea e xustificar a súa proposta. Así, terán que negociar a orde das diferentes consecuencias que teñen para formar unha cadea lóxica entre todos.

**13. CREAR CONCIENCIA**

Deseñar unha campaña de concienciación social.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para realizar esta tarefa, sería ideal que contasen con material suplementario como cartolinas, rotuladores de diferentes cores e algún tipo de adhesivo.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que van realizar a tarefa final: crear unha campaña de concienciación social. Para iso porán en práctica todos os contidos que viron na unidade. Forme grupos de tres ou catro estudantes e móstrelles os tres temas propostos na actividade (**Unha cidade ou un barrio máis silencioso, Unha cidade máis limpa, harmoniosa e elegante e Aforrar auga e/ou enerxía**). Dígalles que poden escoller un deles ou, se o prefiren, pensar outro que lles pareza mellor. Pode anticiparlles que, ao final, realizarán unha votación para elixir a campaña máis seria, divertida e orixinal (no formato e no tema que trata). Déixelles uns minutos para que, dentro de cada grupo, negocien o tema e as diferentes solucións que se lles ocorran.

B. A continuación, dígalles que teñen que escoller o formato da campaña. Poden darlle, por exemplo, un formato de páxina web (cunha páxina de entrada e, na seguinte, varias seccións que desenvolvan os diferentes aspectos da cuestión) ou de cartel publicitario (con textos que expliquen diferentes aspectos do problema que desexan tratar).

C. Finalmente, anime a cada grupo a facer a súa presentación. Pídalles aos demais estudantes que lle dean a cada campaña unha puntuación de 0 a 10 en cada unha das seguintes categorías: **campaña seria, campaña divertida, campaña orixinal en formato, campaña orixinal e interesante no tema que formula**. O obxectivo é que non haxa un único gañador.

Se lle parece conveniente, pode facilitarlles fotocopias da táboa de puntuación da **ficha 21**. Logo, pódense recoller e facer o reconto para saber a puntuación total de todas as campañas que se crearon.

14. AGRICULTURA RENDIBLE, AGRICULTURA SOLIDARIA

Ler un texto sobre a historia dun pazo e comentar posibles casos parecidos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Os pazos son casas señoriais, grandes e luxosas, que antigamente servían de residencias habituais ou temporais de familias nobres. Por tradición, son de pedra e teñen nas paredes os escudos heráldicos da familia propietaria. Adoitan estar situados no medio rural ou semiurbano e, polo xeral, teñen unha inmensa amplitude de terreos, nos cales se atopan vastos xardíns e grandes plantacións de variados produtos agrícolas. Na actualidade, moitas desas edificacións albergan institucións, museos ou outros servizos públicos.

O adxectivo rendible aplícase para caracterizar algo que produce máis ganancias ca gastos ou perdas ou que proporciona uns beneficios elevados en relación co capital investido. Pola súa vez, o adxectivo solidario caracteriza unha persoa ou entidade que lle presta axuda ou apoio a quen o necesita, debido a un sentimento de obriga ou de compromiso moral.

ANTES DE COMEZAR

Chame a atención dos seus alumnos sobre os dous adxectivos que aparecen no título da actividade (**rendible e solidaria**) e pídalles que os definan. Se non chegan a definicións semellantes ás indicadas, explíquelles vostede. Despois, pídalles que se fixen na imaxe e pregúntelles como a relacionan co título da actividade. Centre outra vez a súa atención no título e pregúntelles como cren que pode ser unha agricultura con estas características (rendible e solidaria). Acepte as respostas que dean e dígalles que logo se comprobarán na lectura do texto.

PROCEDEMENTOS

A. Se non se dixo antes, indíquelles aos seus alumnos que a imaxe corresponde ao Pazo de Baión, cuxa historia é bastante convulsa. Pregúntelles se coñecen a localidade de Baión e, se non, coméntelles que se trata dunha parroquia situada no concello de Vilanova de Arousa, en Pontevedra. Asegúrese de que todos teñan claro que é un pazo e, cando estean de acordo coa definición, pregúntelles tamén se saben algo sobre o de Baión. Se hai respostas afirmativas, ánimeos a compartiren cos compañeiros a información que coñecen. A continuación, dígalles que lean o texto individualmente e que subliñen as informacións que máis lles chamen a atención.

Antes de que sexa tarde

Cando remataren a lectura, pídalles que, en parellas ou grupos de tres, comenten os aspectos que subliñaron e que opinen sobre a historia do Pazo de Baión e sobre a función solidaria que ten este na actualidade. Logo duns minutos, faga unha posta en común.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha historia parecida á do Pazo de Baión ou outros casos nos que unha parte da produción, ou toda ela, se destine a accións sociais. Se lle parece pertinente, indique vostede un exemplo, e logo ánimeos a que fagan o mesmo. Se non se lles ocorre ningún, pregúntelles se algunha vez participaron nalgunha acción solidaria ou se coñecen alguén que o fixo, en cal, de que xeito etc. O importante é que compartan cos compañeiros as informacións ou experiencias que teñan neste campo.

15. NATUREZA ÍNTIMA

Ler e escoitar catro poemas e relacionalos con distintos temas. Recitar un deles e recrear dúas estrofas. Verificar se a linguaxe se axusta á normativa e facer correccións ortográficas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para esta actividade vai necesitar ter na clase dicionarios de sinónimos, de antónimos e monolingües, ademais de todos os recursos que lle parezan útiles para consultaren os estudantes.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta a poesía e que poetas de lingua galega coñecen. Despois, pídalles que realicen un remuíño de ideas dos temas que adoitan tratarse nas poesías: o amor, a morte, o sentido da vida, as emocións e os sentimentos, a natureza etc. Indíquelles que a natureza serve como fonte de inspiración para moitos poetas.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles as catro poesías e explíquelles que todas están relacionados coa natureza. Pídalles que as lean, individualmente, e que intenten captar a mensaxe que transmiten. Despois, deben relacionar cada unha delas cun dos temas do recado verde (**soidade, desamparo, paso do tempo, saudade**). Asegúrese de que coñecen o significado de todos os termos e dígalles que non teñen que facer unha lectura moi a fondo, xa que o farán máis adiante. Cando vexa que están rematando, pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro, antes de facer unha posta en común.

B. A continuación, indíquelles que van escoitar os poemas recitados. Unha vez rematada a audición, pregúntelles se lles gustou escoitalos e se iso lles axudou a comprendelos mellor.

Logo, convídeos a recitaren unha das poesías. Indíquelles que poden recitar a que lles guste máis

diante da clase. Se o prefiren, en vez de facelo individualmente, poden recitala en grupos de tres ou catro, para o que deben decidir previamente quen vai recitar cada estrofa ou cada verso, e tamén se o van ler ou se o van recitar de memoria. Así mesmo, poden resolver se van facer algúns xestos e cales.

Déalles algúns minutos para preparalo e, logo, propóñalles que lles presenten aos demais as súas declamacións. A poder ser, dispóñaos nun semicírculo para que todos poidan ver ben a actuación de todos os participantes.

C. Dígalles agora que deben escoller dúas estrofas do poema que prefiran, ou o mesmo que recitaron en grupo, e recrealas, substituíndo algunhas palabras por sinónimos ou por expresións que expliquen o seu significado. Tamén poden utilizar outros recursos que aprenderon ao longo da unidade, como a nominalización, por exemplo.

Cando xa teñan o seu texto concluído, dígalles que presenten os seus versos diante da clase. Como xa estarán familiarizados co poema, deberán escoitar as versións dos seus compañeiros e comentarlles que lles parece o resultado. Repita o procedemento ata que participen todos os alumnos ou grupos.

D. Para rematar, pídalles que imaxinen que traballan nunha editorial que quere editar os catro poemas segundo a normativa vixente do galego. Distribúa os poemas entre os distintos grupos de tres ou catro estudantes (os mesmos cos que traballaron nas demais epígrafes desta actividade) e indíquelles que deben verificar se se axustan á norma actual. En caso de que contesten negativamente, pídalles que fagan as correccións que consideren oportunas. Por cuestión de pertinencia, non lle asigne a ningún grupo o terceiro poema, xa que presenta vocabulario e estruturas conformes á normativa actual. Concédalles uns minutos e, a continuación, propóñalles unha posta en común, na que cada grupo comente as correccións que fixo no poema que analizou. Os demais poderán dicir se están ou non de acordo e xustificalo. Vaia apuntando no encerado as súas producións, asegurándose de que son correctas.

Solución

1.º poema: *brilade* ⇒ *brillade*; *os caraveles* ⇒ *os caraveis*; *os árbores* ⇒ *as árbores*; *cas* ⇒ *coas*; *nomais* ⇒ *nada máis*.

2.º poema: *ei* ⇒ *aí*; *ven* ⇒ *vén*; *mazorcas* ⇒ *espigas*; *cain* ⇒ *caen*; ⇒ *tróupele* ⇒ *troupeleo*; *coor* ⇒ *cor*; *i* ⇒ *e*; *o* ⇒ *ao/ó*; *lembranzas*; *sin* ⇒ *sen*.

4.º poema: *seiva* ⇒ *zume*; *desenguruñar* ⇒ *desengruñar*

En relación coa palabra *reprexados*, non se atopou ningunha referencia, polo que pode tratarse dun neoloxismo do autor. Fágallelo saber aos seus alumnos e ánimeos a faceren hipóteses sobre o seu significado, tendo en conta, por suposto, o contexto e os demais termos cos que se relaciona a dita palabra no poema.